

ANUNCIO

APROBACIÓN PREZO PÚBLICO ACTIVIDADES CULTURAIS EN IDADE ESCOLAR, CURSO 2025/2026

ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DATA: 10.07.2025

Artigo 1. Obxecto.

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables ás seguintes actividades culturais municipais en idade escolar curso 2025/26 (de outubro de 2025 a maio de 2026 ambos incluídos):

1. Técnicas de Estudo (Grupo primaria e secundaria)
2. Escola de mecanografía (Grupo primaria e secundaria)
3. Ciencias divertidas (Grupo primaria e secundaria)
4. Iniciación en movemento (Grupo primaria e secundaria)

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

Os pais, titores ou responsables dos menores que se beneficien dos servizos a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3. Contía .

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola asistencia é :

Técnicas de Estudo	18€/mes
Escola de mecanografía	18€/mes
Ciencias divertidas	18€/mes
Iniciación en movemento	18€/mes

Artigo 4. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria na conta indicada polo/a proxenitor/a ou titor/a legal da persoa participante. Mediante a firma da solicitude de inscrición o debedor (proxenitor/a ou titor/a da persoa participante) autoriza:

- 1) Ao acredor (Concello de Vedra) a enviar instrucións á entidade bancaria do debedor para domiciliar a súa conta.
- 2) Á entidade bancaria para efectuar as domiciliacións na súa conta seguindo as instrucións do acredor.

Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Os cargos efectuaranse unha vez transcorridos os primeiros 15 días de cada mes da actividade realizada.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado a actividade.
2. Cando se acredite debidamente a imposibilidade de acudir por causa maior: enfermidade ou outras análogas.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Vedra, 14 de xullo de 2025

O Alcalde (documento asinado dixitalmente)